

Museos e Arquivos

Centro Etnográfico da Terra de Montes

O Centro Etnográfico da Terra de Montes é primordialmente un espazo museístico que acolle una exposición visitable de máis de mil pezas a través das cales é posible achegarse á cultura tradicional campesiña na comarca. As pezas cubren todos os eidos da vida cotiá, desde a esfera privada até o traballo do campo, pasando polas artesanías, a relixiosidade popular ou a emigración. O CETMo conta tamén cunha biblioteca especializada en temas comarcais (historia, etnografía, arte) e antropoloxía galega, así como un arquivo, no que se gardan documentos privados que permiten achegarse á historia da comarca durante os últimos

douscentos anos. Así nos presentan Lola Varela, Dionísio Pereira e máis Alfredo González Ruibal o CETMo estes tres membros activos da entidade. Os tres son coautores do texto que de seguido visitamos.



Fachada do CETMo
(J.J. Vieitez)

O CETMo abriu as súas portas en agosto de 2000. A súa orixe está nun conxunto de obxectos etnográficos recollidos maioritariamente na Terra de Montes entre 1992 e 2000 por parte da familia González Ruibal. No momento da apertura pública do CETMo este contaba con máis de 1000 pezas; para expoñelas, houbo que comprar unha vivenda na Aldea de Arriba de Soutelo de Montes, núcleo inicial da localidade e por onde pasaba un camiño utilizado tradicionalmente polos arrieiros que ían e viñan da Terra de Montes ao Ribeiro.

Podemos distinguir un primeiro momento de aillamento que chegou a pór en risco a supervivencia do CETMo. A falta de apoio institucional levou a unha situación



Habitación interior do CETMo. Na seguinte páxina apeiros de labranza sitos no baixo do Centro

crítica. O crecente compromiso da Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes “Verbo Xido” a partir de finais de 2001 contribuíu a paliar as circunstancias negativas. Finalmente a decisión de Verbo Xido de encargarse directamente da xestión do CETMo en 2009 e buscar fontes de financiamento abriu novas posibilidades e definitivamente consolidou o proxecto.

O principal obxectivo do Centro nun primeiro momento era consolidarse e darse a coñecer na comarca e nas zonas veciñas. Despois dunha

década de apertura e varios milleiros de visitantes (incluídas escolas e grupos da terceira idade coordinados polo Centro Comarcal Deza-Tabeirós), consideramos que o obxectivo inicial está acadado. Outro obxectivo principal era reformar o inmobile e mellorar os soportes expositivos, cousa que se conseguiu durante os últimos dous anos, a través de axudas procedentes de AGADER.

Aliás, temos aínda pendentes outras cuestións que mellorar. É preciso involucrar máis a poboación local no proxecto e que se sinta partícipe do legado cultural que representan os obxectos expostos no CETMo. Non obstante, cómpre ter en conta que a realidade social das comarcas interiores da Galiza ten unhas características moi particulares que requiren estratexias de difusión ben distintas as que se plantexan na costa

ou nas cidades. Nestas últimas existe un sector da poboación máis dinámico e máis afeito a ter un papel activo nas iniciativas culturais. Por outra banda, os obxectos expostos no CETMo son aínda un patrimonio negativo para unha boa parte dos veciños de Terra de Montes, que traen lembranzas dun tempo identificado coa pobreza e duras condicións de vida. É necesario conseguir que a xente se sinta orgullosa da súa tradición e da súa historia e que as novas xeracións se interesen polo seu pasado máis recente.

Os próximos obxectivos son crear unha fundación e obter a declaración de colección visitable, para poder exercer como un referente cultural e patrimonial na Terra de Montes diante da ausencia de planeamento dos tres Concellos da bisbarra neste eido. Confiamos que ambos elementos permitirán acceder a novas fontes de financiamento e potenciar a visibilidade do CETMo.

Por desgracia, na bisbarra non hai moita xente coa que falar desta temática. Xa dixemos que os Concellos non levan a cabo, propiamente, política cultural, tan só actividades illadas enfocadas en boa medida á cultura-pasatempo. Con todo, agora recén comezamos a traballar co Concello de Forcarei, que xa nos incluíu nos roteiros turísticos do municipio. Canto á sociedade civil, fóra de Verbo Xido e da Asociación de Mulleres “Espadela” de Cerdedo, quixéramos colaborar máis estreitamente con colectivos

veciñais e comunidades de montes da zona inmediata ao CETMo e máis concretamente de Soutelo de Montes. Tamén temos previsto asinar convenios con asociacións de diminuídos físicos, xa que o CETMo eliminou as barreiras arquitectónicas na súa derradeira reforma, e tamén coa asociación de Casas de Turismo Rural, pois entendemos que a visita do CETMo é de interese para a súa clientela. Fóra da bisbarra, mantemos relacións de colaboración coa Casa do Patrón, de Lalín, e somos socios do Museo do Pobo Galego, co que colaboramos sempre que podemos.

Por último, facer unha reflexión relativa ao patrimonio etnográfico do noso país. Indicar que claramente a xestión do patrimonio etnográfico galego adoce de graves





Aparellos de traballo nunha outra estancia do CETMo.

problemas. A maior parte dos pequenos museos dependen de iniciativas privadas, sempre ben intencionadas pero con frecuencia carentes de persoal cualificado. A financiación para este tipo de centros é mínima e moitas veces depende do esforzo económico de veciños, pequenas asociacións ou individuos privados, o que non garante a súa sobrevivencia a longo prazo. Outro problema é que en comparación con Catalunya, por exemplo, non existe un tecido mestro de museos comarcais. A cultura está todavía moi focalizada nas capitais de provincia e grandes cidades e o patrimonio das zonas rurais moitas veces pérdese por falta dunha rede de espazos culturais ben espallada polo territorio. Por outra banda, non se conseguiu unha valorización e socialización real do patrimonio etnográfico, máis aló de elementos paradigmáticos (gaita-hórreo-cruceiro) que se veñen vendendo desde a época de Franco. O caso máis grave neste sentido é a destrución da arquitectura vernácula e da paisaxe cultural galega. Finalmente, se ben os estudos etnográficos son hoxe máis abundantes e sofisticados e están realizados con frecuencia por especialistas máis cualificados, o estudo da cultura material tense abandonado case que por completo, pois relaciónase cunha forma arcaica de facer etnografía. Desde centros como o CETMo sería interesante reivindicar de novo o papel central que a cultura material tradicional ten desenvolvido dentro da cultura do noso país.

Entre outras iniciativas, sería necesario crear una rede de centros e museos etnográficos que permitira establecer relacións entre eles, xerar iniciativas conxuntas e intercambiar ideas. Tamén sería convinte que se convocasen axudas específicas destinadas a investigación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico. Habería tamén que facer un maior esforzo de difusión dos bens etnográficos, máis aló dos elementos tópicos, e fomentar a sensibilidade cara este patrimonio nos centros educativos.

Dicir tan só, finalmente, que agradecemos a *Murguía, Revista Galega de Historia* esta oportunidade de darnos a coñecer fóra do noso ámbito xeográfico e o seu traballo a prol da cultura do noso país. A do CETMo é a vosa casa e a das vosas e os vosos lectores.

LOLA VARELA / DIONÍSIO PEREIRA / ALFREDO GONZÁLEZ RUIBAL

Enderezo e horario:

O Camiño do Pouso, nº 2. 36560 Soutelo de Montes (Concello de Forcarei)
Sábados e Domingos de 11h. a 13.30 h. e de 17 h. a 20 h.

*Resto dos días: previa cita no 986 75 61 91 ou no 696 51 30 33.